

ORDENANZA XERAL DE CIRCULACION DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO

AMBITO DE APLICACION

ARTIGO 1

As normas desta Ordenanza que complementan o disposto no Real Decreto Lexislativo 339/90, de 2 de marzo, Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, e Real Decreto 13/1992, de 17 de xaneiro, Regulamento Xeral de Circulación, serán de aplicación a tódalas vías da cidade.

DA SINALIZACION

ARTIGO 2

1.—As sinais dos axentes da Policía Local prevalecerán sobre calquera outra.

2.—As sinais preceptivas colocadas nas entradas da cidade rexen para todo o termo municipal, agás sinalización específica para un tramo de rúa.

3.—As sinais situadas nas entradas das zonas peatonais ou zonas de circulación restrinxida rexen, en xeral, para tódolos seus perímetros respectivos.

ARTIGO 3

O Concello procederá á retirada inmediata de toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor. Esto, tanto no concernente ás sinais non regulamentarias, como se é incorrecta a forma, colocación ou deseño da sinal ou cartel.

ARTIGO 4

1.—Non se poderá colocar ningunha sinal sen a previa autorización municipal.

2.—Só se poderán autorizar as sinais informativas que, a criterio da autoridade municipal, teñan un auténtico interese público.

3.—Non se permitirá a colocación de publicidade nas sinais ou ó lado destas.

4.—Prohibírese a colocación de toldos, carteis, anuncios e instalacións en xeral que ceguen ou que impidan ou limiten ós usuarios a normal visibilidade de semáforos e sinais.

ARTIGO 5

O ter carácter de interese público para a circulación e seguridade vial a prestación dos servicios permanentes de gardería de vehículos e aparcamentos de uso público, gasolineiras, centros hospitalarios ou asistenciais, os titulares dos mesmos poderán solicitar do Concello a autorización previa para a instalación da correspondente sinal/s informativa/s, que será/n concedida/s previo abono do seu prezo, tendo

en conta, ademáis da normativa da lexislación que complementa esta Ordenanza, os seguintes criterios:

I.—APARCAMENTOS / GARDERIA VEHICULOS: Ademáis da correspondente sinal informativa regulamentaria de acceso ó mesmo, que indicará a existencia de plazas de estacionamento disponibles coa inscripción LIBRE ou COMPLETO, se poderán conceder, no seu caso, o seguinte número de sinais:

- | | |
|------------------------|----------|
| a) ata 100 prazas | 1 sinal |
| b) de 100 a 250 prazas | 2 sinais |
| c) máis de 250 prazas | 4 sinais |

II.—GASOLINEIRAS: O número máximo de sinais que se poden autorizar establecese en catro (4), fixándose o seu número e ubicación libremente polo Concello, atendendo ó emprazamento do servicio e a súa incidencia sobre a rede viaria.

III.—CENTROS HOSPITALARIOS OU ASISTENCIAIS: O número de sinais e a súa ubicación fixaránse atendendo ás especiais características do servicio público, ó estudio de necesidade e nun ámbito territorial non superior a cincocentos (500) metros medidos no sentido de circulación.

IV.—GARAXE APARCAMENTO ANEXO A OUTROS USOS: O número de señais e a súa ubicación fixaránse atendendo ás especiais características do centro, ó estudio de necesidades que deberán acreditarse no correspondente proxecto técnico e á clasificación urbanística do mesmo, segundo o Plan Xeral de Ordenación Urbana, especificando, inexcusablemente, o ámbito territorial de incidenciasobre a rede viaria do térmoo municipal.”

ARTIGO 6

O titular da autorización previa deberá proceder, a súa costa, á instalación da sinal nos termos fixados na mesma, sendo responsable da conservación, mantenimento e reposición das que non cumpran o seu obxecto por causa do seu deterioro ou da súa retirada cando se modifiquen as circunstancias polas que foi concedida.

ARTIGO 7

Polo Sector de Seguridade, Circulación e Transportes levarase, debidamente diligenciado, o correspondente *Libro-Rexistro de Sinalización*, no que obligatoriamente inscribiránse as informativas de interese público, facendo especial referencia a súa ubicación.

OBSTACULOS NA VIA PUBLICA

ARTIGO 8

Prohibírese a colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxecto sen a previa autorización municipal, que tan só se concederá en lugares que non dificulten a circulación de viandantes ou vehículos cando sexa imprescindible a súa instalación e quede

suficientemente garantida a seguridade dos usuarios da vía.

ARTIGO 9

Procederase á retirada de obstáculos, cos gastos por conta do interesado cando carezan da correspondente autorización, non se axusten ás condicións da mesma ou se extinguiran as circunstancias que motivaron a súa colocación.

CIRCULACION DE VIANDANTES

ARTIGO 10

Os viandantes circularán polas beirarrúas gardando preferentemente a súa dereita, cruzarán as calzadas polos pasos sinalizados e, se non os houbera, polos extremos das mazás, perpendicularmente ás mesmas coa debida precaución.

Nos pasos regulados por semáforos ou por axentes da Policia Local, cumplirán estrictamente as indicacións a eles dirixidas.

DETENCION, PARADA E ESTACIONAMENTO DO VEHICULO

ARTIGO 11

Definicións.

Detención, é a inmobilización dun vehículo por emerxencia, por necesidades da circulación ou para cumplir algun precepto regulamentario.

Parada, é a inmobilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, para tomar ou deixar persoas ou cargar ou descargar cousas.

Estacionamento, é a inmobilización dun vehículo que non se atopa en situación de detención ou parada.

PARADA

ARTIGO 12

Toda parada rexerase polas seguintes normas:

1.—O conductor non poderá abandona-lo vehículo e, se excepcionalmente o fai, terá que retiralo con anterioridade ó transcurso do tempo de dous minutos dende a súa inmobilización ou no momento que sexa requerido ou ás circunstancias o esixan.

2.—Realizarase arrimando o vehículo paralelamente á beirarrúa da dereita, segundo o sentido da marcha, áinda que en vías dun só sentido de circulación tamen se poderá realizar á esquerda. Os pasaxeiros terán que baixar polo lado da beirarrúa e o condutor, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre e cando se asegure que non existe ningun tipo de perigo.

3.—Xamáis se obstaculizará a circulación nin se creará un risco de perigo para o resto dos usuarios

da vía, en especial, que o vehículo poda poñerse en movemento en ausencia do conductor.

4.—Nas vías urbanas sen beirarrúas deixarase unha distancia mínima de un metro dende a fachada máis próxima.

ARTIGO 13

Queda prohibida totalmente a parada:

1.—Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, nunha proximidade de cinco metros destes puntos, e nos túneles.

2.—Nos pasos de viandantes ou en rebaixes de beirarrúas para facilitar paso de persoas.

3.—Nos carrís ou partes da vía reservados para a utilización, servicio ou circulación de determinados usuarios e, polo tanto, nas zonas de viandantes, carrís bus, bus-taxi, paradas de transporte público ou reservas de calquera tipo debidamente sinalizadas.

4.—Nos cruces ou interseccións e en lugares próximos cando se impida a normal circulación ó resto dos usuarios das vías.

5.—Nos lugares onde se impida a visibilidade do tráfico, ou das súas sinais e onde o prohíba a sinalización.

6.—En dobre fila, nas beirarrúas, refuxios, paseos centrales ou laterais e zonas sinalizadas con franxas no pavimento, tanto se a ocupación é total ou parcial.

ESTACIONAMENTO

ARTIGO 14

O estacionamento de vehículos rexerase polas seguintes normas:

1.—Os vehículos estacionarán en fila, é dicir, paralelamente ó borde da beirarrúa, permitíndose en batería, ou sexa perpendicular a aquel, e en semibatería, oblicuamente, nos lugares expresamente sinalizados; e colocaranse a quince (15) centímetros do bordillo para permiti-la limpeza da calzada.

2.—Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.

3.—Non se poderá estacionar na vía pública os remolques separados do vehículo motor.

ARTIGO 15

Queda absolutamente prohibido o estacionamento:

1.—En lugares onde o prohíban as sinais correspondentes, tanto total como parcialmente.

2.—Onde estea prohibida a parada.

3.—En dobre fila, tanto se o que hai na primeira é un espacio libre como un vehículo, ou un contenedor ou algun elemento de protección.

4.—En plena calzada, entendéndose por tal cando o vehículo non estea xunto ó bordillo da beirarrúa na forma prevista no apartado 1 do artigo anterior.

5.—Nas rúas, a calzada das cales teña unha anchura que só permita a circulación dunha columna de vehículos (catro metros).

6.—Nas esquinas e a unha distancia inferior a cinco metros das mesmas.

7.—En condicións que dificulten a saída doutros vehículos estacionados correctamente.

8.—Nas zonas sinalizadas como carga e descarga de mercancías.

9.—Nos vados total ou parcialmente.

10.—Nas rúas urbanizadas sen beirarrúas.

11.—Nun mesmo lugar durante máis de dous días.

12.—Nas zonas que teñan que ser temporalmente ocupadas para actividades autorizadas, ou nas que haxan de ser obxecto de reparación, sinalización ou limpeza, sempre e cando se dea publicidade á prohibición e se coloquen os correspondentes avisos nos parabrisas dos vehículos estacionados con dous días de antelación como mínimo, agás en casos de urxencia xustificada.

13.—Fora dos lugares específicamente habilitados a tódolos vehículos especiais, camións, autobuses, vehículos mixtos, remolques e semiremolques, entendendo por tales a definición ou concepto que lles atribúe o Anexo do Real Decreto-Legislativo 339/1990, de 2 de marzo.

ARTIGO 16

Nas rúas de sentido único de circulación nas que o estacionamento sexa alternativo a un lado ou outro por períodos temporais, o cambio de estacionamiento ó final de cada período faráse como máximo ás 8 horas da mañan do primeiro día do período seguinte, e se este é festivo aprazarase ó primeiro día hábil.

ARTIGO 17

Nas zonas de estacionamento regulado con horario limitado as normas a aplicar serán as da súa propia ordenanza específica, sen prexuízo da aplicación subsidiaria desta en todo o que non estea expresamente contemplado naquela.

ESTACIONAMENTO DE MOTOCICLETAS E CICLOMOTORES

ARTIGO 18

1.—As motocicletas e ciclomotores deberán ser estacionados nos espacios reservados especialmente para elo e, se non hai na zona, en fila e a unha distancia inferior a 50 centímetros do bordillo, sempre que non se impida o tránsito de peatóns, e se a beirarrúa ou paseo ten máis de cinco metros de anchura, o estacionamento realizarase en semibatería.

2.—O estacionamento en beirarrúas ou paseos faráse circulando co motor parado e sen ocupa-lo asento, poidendo utilizar o motor para salva-lo desnivel do bordillo.

3.—O estacionamento en calzada faráse en semibatería e cando se realice entre vehículos non poderá impedir o acceso ó mesmo.

ESTACIONAMENTO DE COCHES DE MINUSVALIDOS

ARTIGO 19

O estacionamento dos coches de minusválidos, é dicir dos automóveis de tara inferior a 300 kgs. e con velocidade non superior a 40 km./h., conducido por persoa con algúnhha disfunción ou incapacidade física, a falta de zona reservada para elo, poderase efectuar naqueles lugares en que non prexudique o tráfico, pero xamáis en lugares onde o estacionamento incorra en causa de retirada do vehículo.

RETIRADA DE VEHICULOS DA VIA PUBLICA

ARTIGO 20

A Policía Local poderá ordear, se o obrigado a efectualo non o fixera, a retirada do vehículo e o seu traslado e depósito en lugar adaptado para elo, ademáis de nos casos previstos no artigo 71 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, nos seguintes supostos, por considerarse que constitue perigo ou causa graves perturbacións á circulación ou ó funcionamento dalgún servicio público:

1.—Cando estea parado ou estacionado en lugares que estea prohibida a parada nos supostos referidos no artigo 13 da presente Ordenanza.

2.—Cando estea en dobre fila.

3.—Cando ocupe total ou parcialmente un vado autorizado.

4.—Cando estea estacionado en zona reservada para carga e descarga durante as horas da súa utilización ou en lugares reservados a servicios de urxencia ou seguridade.

5.—Cando estea estacionado diante das saídas de emerxencia de locais destinados a espectáculos públicos, durante as horas que estes se celebren.

6.—Cando impida a visibilidade do tráfico así como das súas sinais ó resto dos usuarios da vía.

7.—Cando estea estacionado en lugar prohibido e impida o xiro a outros vehículos ou obrigue a facer manobras para executalo.

8.—Cando estea estacionado en plena calzada ou en zona peatonal fora das horas permitidas.

9.—Cando concorra calquera outra circunstancia que poida ocasionar perigo ou grave prexuízo á circulación ou ó funcionamento dalgún servicio público.

10.—Por infracción do artigo 29 parágrafo 1º.

ARTIGO 21

Agás as excepcións legalmente previstas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada, transporte e depósito do vehículo, serán por conta do titular, que terá que fazer fronte a eles conforme disponha a Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Inmobilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos.

ARTIGO 22

A Policía Local poderá ordear la retirada de vehículos da vía pública, aínda que estean debidamente estacionados:

1.—Cando se atopen en lugar que se teña que ocupar para un acto público debidamente autorizado.

2.—Cando sexa necesario para a limpeza, reparación, mantemento ou sinalización da vía.

3.—En casos de emergencia.

Tales circunstancias advertiranse co máximo tempo posible e os vehículos serán conducidos ós lugares autorizados máis próximos que se poida, con indicación ós seus conductores ou propietarios do lugar ó que foi trasladado. Os traslados non comportarán ningun tipo de gasto, calquera que sexa o lugar onde se leve o vehículo.

VEHICULOS ABANDOADOS

ARTIGO 23

Considerarase que un vehículo atópase en situación de abandono na vía pública se existe algunha das seguintes circunstancias:

1.—Se está estacionado nun mesmo lugar por un período superior a quince días.

2.—Cando presente desperfectos que permitan presumir tal situación ou a súa imposibilidade de movementos polos seus propios medios. Tales vehículos serán retirados ó lugar acondicionado a tal fin, sendo os gastos ocasionados a cargo do titular do vehículo.

ZONAS PEATONAIAS

ARTIGO 24

Poderase establecer para zonas determinadas a prohibición total ou parcial da circulación e estacionamento de vehículos co fin de reserva-la mesma ó tránsito e uso das persoas, especificando o seu perímetro, carácter temporal, fixo ou periódico da mesma, así como os usos permitidos do tráfico rodado.

TRANSPORTE, CARGA E DESCARGA DE MERCANCIAS

ARTIGO 25

1.—O transporte e reparto de mercancías así como a carga e descarga das mesmas, se regula polas normas da Ordenanza Municipal Complementaria de Tráfico en dita materia, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 4 de febreiro de 1992 e publicada no Boletín Oficial da Provincia do día 18 de marzo de 1991.

2.—Prohibese a circulación de vehículos incluídos no ámbito de aplicación da Ordenanza Municipal citada no parágrafo anterior, entre as 22,00 horas dos venres, sábados e vísperas de festivos, e as 8,00 horas do día seguinte.

CONTENEDORES

ARTIGO 26

A instalación na vía pública por particulares de contenedores de recollida de mobles e retirada de terras, escombros e outros materiais, regularase pola súa Ordenanza específica, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 23 de novembro de 1990 e publicada no Boletín Oficial da Provincia do día 14 de xaneiro de 1991.

TRANSPORTE ESCOLAR E DE MENORES

ARTIGO 27

A prestación dos servicios de transporte escolar e de menores dentro da cidade está suxeita ó cumprimento das normas da súa Ordenanza específica, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de setembro de 1992 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 29 de setembro do mesmo ano.

ESTACION DE AUTOBUSES

ARTIGO 28

A Estación de Autobuses será a orixe e final das liñas de transporte de viaxeiros de carácter interurban.

CIRCULACION VEHICULOS

ARTIGO 29

1.—Prohibese a circulación de vehículos a motor e ciclomotores sen o preceptivo dispositivo silenciador das explosións ou con un incompleto, inadecuado, ou a través de tubos resonadores e a dos vehículos de motor de combustión interna que circulen sen atoparse dotados dun dispositivo que evite a proxeción ó exterior de combustible non quemado ou lan-

cen fumes que poidan dificulta-la visibilidade dos conductores doutros vehículos ou resulten nocivo.

2. Os automóbiles, motocicletas, ciclomotores e, en xeral, todo tipo de vehículo de tracción mecánica non poderán circular polas vías urbanas e travesías a unha velocidade superior a 50 km/h.

Polos carrís reservados só poderán circula-los vehículos que indique a sinalización.

PROCEDIMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 30

As accións ou omisións contrarias á presente Ordenanza serán sancionadas pola Alcaldía ou polo Concelleiro en quen delegue, con multa, de acordo coas contías e procedemento establecido nos artigos 73 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo.

ARTIGO 31

Serán causas de agravamento das sancións por infracción desta Ordenanza:

- 1.—Reincidencia.
- 2.—A parada ou o estacionamento en lugares absolutamente prohibidos.

ARTIGO 32

A contía máxima das sancións será a seguinte:

1.—*Por infracciones leves*, é dicir, as cometidas contra as normas desta Ordenanza, que non se califiquen como graves ou moi graves, multa de ata 15.000 ptas.

2.—*Por infracciones graves*, sendo éstas tódalas cometidas por incumprimento das sinais de prohibición e de obrigación, de limitacións de velocidade e prioridade de paso, multa de ata 50.000 ptas.

3.—*Por infracciones moi graves*, entendendo por tales a comisión de toda infracción grave cando existan circunstancias de perigo por razón da intensidade da circulación, condicións atmosféricas ou de visibilidade ou calquera outra que poida constituir un risco engadido e concreto ó previsto para as graves no momento de cometerse a infracción, ata 100.000 ptas.

ARTIGO 33

Contra as resolucións dictadas en expedientes sancionadores poderase interpoñer, perante o mesmo Organo, o correspondente recurso de reposición que se tramitará conforme o disposto na Lei de Procedemento Administrativo e a Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

As resolucións que poñan fin ó procedemento en vía administrativa serán recurribles perante a Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ARTIGO 34

Non se poderá proceder á execución das sancións que non adquiriran firmeza en vía administrativa. Non obstante, cando o feito denunciado non estea castigado polas leis penais nin poidan dar orixe á suspensión do permiso ou licencia de conducir poderán facerse efectivas dentro dos dez (10) días seguintes á notificación da denuncia cunha reducción do 20% sobre a contía que provisionalmente se fixe.

ARTIGO 35

As multas deberán facerse efectivas na Recadación Municipal dentro dos quince (15) días hábiles seguintes á data da súa firmeza. Transcorrido dito prazo se procederá a súa exacción polo procedemento de apremio, conforme a súa lexislación específica.

DISPOSICION ADICIONAL

Os ciclomotores deberán levar unha placa identificativa que será entregada no Concello unha vez presentada a autoliquidación correspondente ó imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Dita placa deberá ir colocada no gardalama posterior do ciclomotor.

CADRO DE INFRACCIONS DA ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACION

<u>Código Infracción</u>	<u>Artigo</u>
Sinalización	
1	Instalación sinal en vía públicas en autorización municipal..... 4.1 OC.
2	Colocación publicidade en sinais ou ó lado destas..... 4.2 OC.
3	Colocación toldos, carteis, anuncios e instalacións que ceguen ou limiten a visibilidade de sinais ou semáforos..... 4.2 OC.
Obstáculos na vía pública	
4	Colocación en vía pública obstáculos ou obxectos sen autorización entorpecendo a circulación..... 8 OC.
5	Colocación obstáculos ou obxectos autorizados sen garantía de seguridade dos usuarios da vía 8 OC.
Viandantes	
6	Circular viandantes pola calzada ou cruzala de forma incorrecta 10 OC.
Parada	
7	Subir ou baixar polo lado da calzada creando perigo..... 12.2.OC.
8	En vías urbanas sen beirarrúas a menos de 1 metro de fachadas 12.4.OC.

<i>Código</i>	<i>Infracción</i>	<i>Artigo</i>	<i>Estacionamento de motocicletas e ciclomotores</i>
9	En curvas, cambios de rasante sen visibilidade de túneles	13.1.OC.	28 En beirarrúa ou paseo inferior a 3 m. de anchura
10	En pasos de viandantes ou rebaixes de beirarrúa	13.2.OC.	29 De forma incorrecta.....
11	En carrís ou partes de vía reservados, paradas reservadas	13.3.OC.	30 Transporte, carga e descarga mercancías Con incumprimento de Ordenanza específica
12	Nos cruces, interseccións ou en lugares próximos impedindo a normal circulación	13.4.OC.	31 Con incumprimento de Ordenanza específica Ocasionando perigo á seguridade vial 25 OC.
13	En lugares onde se impida visibilidadesinais de tráfico.....	13.5.OC.	Contenedores 32 Con incumprimento de Ordenanza específica
14	En doble fila, beirarrúas, illas, refuxios, paseos centrais ou laterais, zonas sinalizadas con franjas ..	13.6.OC.	33 Ocasionando perigo á seguridade vial .26 OC.
15	En lugar prohibido por sinal	13.5.OC.	Transporte escolar 34 Con incumprimento de Ordenanza específica
Estacionamiento			35 Con incumprimento de Ordenanza específica
16	Estacionar de forma incorrecta 14.1.2.OC.		Circulación de vehículos 36 Circulación vehículos non autorizados por carril reservado.....
17	Estacionamento de remolques separados do vehículo	14.3.OC.	37 Circulación vía urbana ou travesía superior a:
18	Estacionar en lugar prohibido por sinal	15.1.OC.	50 Km/h.
19	Estacionar onde estea prohibida a parada.....	15.2.OC.	60 km/h.
	1. Subir ou baixar polo lado da calzada creando perigo.		70 km/h.
	2. En vías urbanas sen beirarrúas a menos de 1 metro de fachadas.		80 km/h.
	3. En curvas, cambios de rasante sen visibilidade e túneles.		90 km/h.
	4. En pasos de viandantes ou rebaixes de beirarrúas.		100 km/h.
	5. En carrís ou partes de vía reservados, paradas reservadas.		
	6. Nos cruces, interseccións ou en lugares próximos impidindo a normal circulación.		
	7. En lugares onde se impida visibilidade sinais de tráfico.		Aprobación incial, 26 febreiro 1993.
	8. En doble fila, beirarrúas, illas, refuxios, paseos centrais ou laterais, zonas sinalizadas con franjas.		Aprobación definitiva, 28 mayo 1993.
	9. En lugar prohibido por sinal.		
20	En plena calzada.	15.4.OC.	6971
21	En calzada de anchura inferior a 4 m	15.5.OC.	
22	En esquinas e a menos de 5 metros da mesma	15.5.OC.	
23	Dificultando a saída doutros vehículos estacionados correctamente	15.7.OC.	E D I T O
24	En zonas de carga e descarga, reservadas a determinados vehículos, vados	15.8.9.OC.	Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación coa solicitude de don Adolfo Luis Pérez Martínez. Expte./11584/422 para a instalación dun Depósito de Propano Aéreo de 2,45 m ³ , sito na rúa Carrasqueira número 206.
25	En rúas urbanizadas sen beirarrúas	15.10.OC.	Vigo, 17 de xuño de 1993.—O Alcalde, por Delegación a Concelleira de Xestión e Disciplina Urbánistica, Dolores Villarino Santiago.
26	Nun mesmo lugar máis de dous días	15.11.OC.	6968
Estacionamentos regulados			
27a	Con falta de comprobante de horario	17 OC.	
27b	Superando o límite do horario.....	17 OC.	

E D I T O

Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación coa solicitude de don Adolfo Luis Pérez Martínez. Expte./11584/422 para a instalación dun Depósito de Propano Aéreo de 2,45 m³, sito na rúa Carrasqueira número 206.

Vigo, 17 de xuño de 1993.—O Alcalde, por Delegación a Concelleira de Xestión e Disciplina Urbánistica, Dolores Villarino Santiago.

6968

E D I C T O

Interesada por Croper, S. L., a devolución da fianza definitiva constituida para responder das obras de "Acondicionamento do primeiro bulevar da Gran Vía", durante o prazo de quince días poderán presentar reclamación no Rexistro Xeral do Concello de Vigo os que crean ter algún derecho esixible ó adjudicatario, por razón do contrato garantido.

Vigo, a 21 de abril de 1993.—O Alcalde, Carlos A. González Príncipe.

7024